

Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba a adaptación da normativa específica do Programa de Simultaneidade do Grao en Bioloxía e o Grao en Química ao Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e máster con itinerario específico

O [Regulamento](#) 1/2025 establece o marco regulador aplicable aos Programas de Simultaneidade da Universidade da Coruña e dispón que cada programa deberá contar cunha normativa específica adaptada ao seu contido e ás previsións da nova regulación.

Así mesmo, a disposición transitoria segunda do regulamento establece que os Programas de Simultaneidade impartidos no curso académico 2024/25 deberán adaptar a súa normativa específica ao novo regulamento con anterioridade ao comezo do curso 2026/27.

Co fin de dar cumprimento a esta previsión normativa, os centros responsables dos programas elaboraron as correspondentes propostas de adaptación das súas normativas específicas.

Polo exposto, o Consello de Goberno, na súa sesión de 24 de xullo de 2025, acordou a aprobación da normativa específica do Programa de Simultaneidade do Grao en Bioloxía e o Grao en Química ao Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e máster con itinerario específico, que figura como Anexo.

O reitor

MEMORIA DO PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE DO GRAO EN BIOLOXÍA E O GRAO EN QUÍMICA CORUÑA POLA UNIVERSIDADE DA CO CORUÑA

Centro académico responsable:

Facultade de Ciencias

Este programa foi aprobado pola xunta de centro na sesión do 24 de abril de 2026

Este programa foi aprobado polo Consello de Goberno na sesión do 24 de xullo de 2026

1. Autorización do Programa de Simultaneidade

A Universidade da Coruña (UDC) aproba a posta en marcha dun Programa Académico de Simultaneidade de dobre titulación, cun itinerario específico proposto pola Facultade de Ciencias, que lle permite ao estudantado cursar simultaneamente os estudos oficiais de Grao en Bioloxía pola Universidade da Coruña e Grao en Química pola Universidade de Coruña (a partir de agora, "Programa de Simultaneidade").

Este programa organízase de acordo a un itinerario formativo específico que establece unha ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van a cursar a partir dos plans de estudos oficiais de ambos os títulos e segundo o disposto nos seguintes artigos.

2. Proxecto formativo

2.1. Denominación e duración do Programa

Esta memoria presenta e describe o Programa de Simultaneidade do Grao en Bioloxía e o Grao en Química. O estudantado que supere este Programa de Simultaneidade obterá os dous títulos de Graduada/o en Bioloxía e Graduada/o en Química.

O Programa terá unha duración de 5,5 cursos académicos, distribuídos en 11 cuatrimestres segundo a estrutura detallada no apartado 2.5.

Para superar o programa será necesario superar un total de 369 créditos.

2.2. Centro ou centros que o propoñen

A Facultade de Ciencias será a responsable da tramitación e custodia de toda a documentación académica relacionada co Programa de Simultaneidade, así como dos expedientes do alumnado. O estudantado aboará neste centro os prezos públicos e as taxas por servizos académicos correspondentes aos títulos de Graduada/o en Bioloxía e Graduada/o en Química.

A impartición de todas as disciplinas deste Programa de Simultaneidade levarase a cabo na Facultade de Ciencias da UDC.

2.3. Número de prazas de novo ingreso ofertadas

O número de prazas dispoñibles para o novo estudantado no Programa de Simultaneidade determinarase cada curso académico, segundo o que aprobe o Consello de Goberno, por proposta da Facultade de Ciencias, de conformidade coa normativa vixente.

2.4. Xustificación do Programa

O programa de simultaneidade de estudos integra dous proxectos formativos cunha sólida base científica e experimental que, sendo complementarios, permiten ao estudantado adquirir unha formación interdisciplinar de alto valor engadido. Ambos plans de estudos comparten competencias relacionadas co método científico, o deseño

experimental, o manexo de instrumentación, a análise e interpretación de resultados, a xestión de proxectos e o traballo seguro en laboratorios, o que proporciona unha base común robusta sobre a que se incorporan as competencias específicas de cada disciplina. Mentres que a formación en Química afonda no coñecemento da estrutura, composición, propiedades e transformacións da materia, a formación en Bioloxía achega unha comprensión integral dos sistemas vivos, desde o nivel molecular e celular ata os organismos, as poboacións e os ecosistemas. A integración de ambos enfoques permite ao estudiantado desenvolver unha visión global dos procesos naturais, favorecendo a comprensión das interaccións entre os sistemas químicos e biolóxicos e a súa aplicación na resolución de problemas complexos.

Este itinerario formativo contribúe ao desenvolvemento de competencias transversais esenciais, como o pensamento crítico, a capacidade de análise e síntese, a resolución de problemas, a aprendizaxe autónoma, o traballo en equipos multidisciplinares e a comunicación rigorosa de resultados científicos. Así mesmo, potencia a capacidade para deseñar e executar proxectos de investigación e innovación, adaptarse aos avances científicos e tecnolóxicos e aplicar o coñecemento adquirido en contextos diversos. Como resultado, o estudiantado obtén un perfil académico e profesional máis amplo e versátil, especialmente axeitado para ámbitos de carácter interdisciplinar como a bioquímica, a biotecnoloxía, a industria química e farmacéutica, a investigación biomédica, a microbioloxía, o control de calidade, a seguridade alimentaria, a xestión ambiental e a docencia. En consecuencia, a simultaneidade de estudos incrementa a empregabilidade dos egresados, amplía as súas oportunidades de especialización e fortalece a súa capacidade para afrontar con solvencia os retos científicos, tecnolóxicos e sociais actuais desde unha perspectiva integradora.

Na Facultade de Ciencias impártense no mesmo edificio os dous graos implicados na simultaneidade, o Grao en Bioloxía e o Grao en Química. Esta circunstancia permite realizar os axustes organizativos específicos para que só sexa necesario duplicar un grupo na materia Xeografía Física. Por tanto, o incremento necesario de recursos humanos e materiais para poder levar a cabo este programa son mínimos.

2.5. Itinerario curricular específico organizado por cursos e cuatrimestres

PRIMEIRO CURSO				
1º cuatrimestre				
Código	Materia	Titulación	Créditos	Carácter
200017	Xeografía Física	1º GB	6	FB
200018	Citología	1º GB	6	FB
201944	Matemáticas 1	1º GQ	6	FB
201950	Química Xeral 1	1º GQ	6	FB
202018	Iniciación á Botánica: Botánica Xeral	1º GB	6	OB
Total Créditos:			30	
2º cuatrimestre				
Código	Materia	Titulación	Créditos	Carácter
200013	Física	1º GB	6	FB
200016	Estatística	1º GB	6	FB
200019	Histología	1º GB	6	FB
200022	Bioquímica I	1º GB	6	FB
201951	Química Xeral 2	1º GQ	6	FB
201952	Química Xeral 3	1º GQ	6	FB
Total Créditos:			36	

SEGUNDO CURSO				
1º cuatrimestre				
Código	Materia	Titulación	Créditos	Carácter
200023	Bioquímica II	2º GB	6	FB
201954	Química Analítica 1	2º GQ	6	OB
201959	Química Física 1	2º GQ	6	OB
201969	Química Orgánica 1	2º GQ	6	OB
202019	Botánica Sistemática: Criptogamia	2º GB	6	OB
202026	Zoología I	2º GB	6	OB
Total Créditos:			36	
2º cuatrimestre				
Código	Materia	Titulación	Créditos	Carácter
200020	Organografía Microscópica	2º GB	6	OB
201955	Química Analítica 2	2º GQ	6	OB
201960	Química Física 2	2º GQ	6	OB
201975	Laboratorio de Química 2	2º GQ	6	OB
201970	Química Orgánica 2	2º GQ	6	OB
202027	Zoología II	2º GB	6	OB
Total Créditos:			36	

TERCEIRO CURSO				
1º cuadrimestre				
Código	Materia	Titulación	Créditos	Carácter
201956	Química Analítica Instrumental 1	3º GQ	6	OB
201961	Química Física 3	3º GQ	6	OB
201964	Química Inorgánica 1	2º GQ	6	OB
201976	Enxeñaría Química	3º GQ	6	OB
202010	Microbioloxía	2º GB	6	OB
202022	Fisioloxía Vexetal I	2º GB	6	OB
Total Créditos:			36	
2º cuadrimestre				
Código	Materia	Titulación	Créditos	Carácter
201962	Experimentación en Química Física	3º GQ	6	OB
201965	Química Inorgánica 2	2º GQ	6	OB
202011	Microbioloxía Aplicada e Control Microbiolóxico	2º GB	6	OB
202014	Xenética	2º GB	6	OB
202023	Fisioloxía Vexetal II	2º GB	6	OB
Total Créditos:			30	

CUARTO CURSO				
1º cuadrimestre				
Código	Materia	Titulación	Créditos	Carácter
201966	Química Inorgánica 3	3º GQ	6	OB
201971	Ampliación de Química Orgánica	3º GQ	6	OB
202012	Técnicas en Microbioloxía	3º GB	6	OB
202015	Xenética Molecular	3º GB	6	OB
202024	Fisioloxía Vexetal Aplicada	3º GB	6	OB
202030	Fisioloxía Animal I	3º GB	6	OB
Total Créditos:			36	
2º cuadrimestre				
Código	Materia	Titulación	Créditos	Carácter
201957	Química Analítica Instrumental 2	3º GQ	6	OB
201967	Química Inorgánica 4	3º GQ	6	OB
201972	Experimentación en Química Orgánica	3º GQ	6	OB
202020	Botánica Sistemática: Fanerogamia	3º GB	6	OB
202031	Fisioloxía Animal II	3º GB	6	OB
Total Créditos:			30	

QUINTO CURSO				
1º cuadrimestre				
Código	Materia	Titulación	Créditos	Carácter
201958	Química Analítica Avanzada e Quimiometría	4º GQ	6	OB
201963	Química Física Avanzada	4º GQ	6	OB
201968	Química Inorgánica Avanzada	4º GQ	6	OB
201973	Química Orgánica Avanzada	4º GQ	6	OB
202028	Biodiversidade Animal e Medio Ambiente	4º GB	6	OB
202034	Ecoloxía I: Individuos e Ecosistemas	3º GB	6	OB
Total Créditos:			36	
2º cuadrimestre				
Código	Materia	Titulación	Créditos	Carácter
200003	Deseño. Redacción e Xestión de Proxectos en Química	4º GQ	6	OB
200024	Bioquímica e Bioloxía Molecular	3º GB	6	OB
202016	Xenética de Poboacións e Evolución	3º GB	6	OB
202032	Adaptacións Funcionais da Fauna ao Medio	4º GB	6	OB
202035	Ecoloxía II: Poboacións e Comunidades	3º GB	6	OB
Total Créditos:			30	

SEXTO CURSO				
1º cuadrimestre				
Código	Materia	Titulación	Créditos	Carácter
200002	Ciencia de Materiais	4º GQ	6	OB
202036	Ecoloxía Humana	4º GB	6	OB
200009	Traballo de Fin de Grao	4º GQ	15	OB
200028	Traballo de Fin de Grao	4º GB	6	OB
Total Créditos:			33	

2.6. Traballo de Fin de Grao (TFG)

O estudantado do Programa de Simultaneidade terá que defender de forma independente os TFG de ambos os dous títulos de grao, tal e como figura na táboa do apartado 2.5.

A defensa do TFG dun dos títulos poderase levar a cabo sempre que o/a estudante teña superados todos os créditos do devandito título, excepto os correspondentes ao TFG, e lle resten 12 créditos ou menos do outro título, exceptuando tamén os correspondentes ao TFG.

Todos os aspectos relacionados con desenvolvemento dos TFG rexeranse polo Regulamento dos traballos fin de grao (TFG) das titulacións de Graos en Nanociencia e Nanotecnoloxía, Química e Bioloxía impartidas na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña

2.7. Coñecementos e competencias esenciais para alcanzar

O itinerario proposto para o Programa de Simultaneidade garante que o estudantado adquira todos os coñecementos, competencias e habilidades recollidos nas memorias de verificación de cada un dos graos. Ao ser dous graos de ámbitos das ciencias experimentais moitas materias de formación básica son comúns, motivo polo que se favorece a existencia dunha simultaneidade de estudos. Neste sentido, o estudantado cursará once materias de formación básica o que lle permitirá asentir e adquirir a base dos coñecementos necesarios para afrontar as materias obrigatorias que lle conferirá as competencias asociadas aos dous graos. Debido á natureza e complementariedade dos dous graos, o estudantado non cursará catro materias de formación básica ou obrigatorias xa que as competencias desenvolvidas nas devanditas materias impártense no conxunto de materias de ambos. Ningunha das catro materias ten competencias específicas únicas asociadas a elas en ningún dos dous graos. En particular, os coñecementos adquiridos na materia de formación básica de Xeoloxía vense emendados polos adquiridos noutras materias como a Xeografía Física, as materias obrigatorias das áreas de Ecoloxía e de Química Inorgánica. No caso da materia de Física 2 parte dos resultados de aprendizaxe impártense na materia de Física do Grao en Bioloxía e outra parte alcánzanse ao superar as materias da área de Química Física. Os resultados de aprendizaxe da materia de Bioquímica e Química Biolóxica adquírense principalmente na materia de Bioquímica II pero complementados coas materias de Bioquímica I, Xenética e Xenética Molecular. Finalmente os resultados da aprendizaxe da materia Química, Información e Sociedade adquírense coas materias do Grao en Bioloxía: Xeografía Física, Xenética Molecular e Xenética de Poboacións e Evolución. A realización dos traballos de fin de grao de cada título permite avaliar de xeito separado a adquisición das competencias de cada un deles.

2.8. Táboas de recoñecementos mutuos entre as dúas titulacións

2.8.1. Táboa de recoñecementos das materias do Grao en Bioloxía polas cursadas no Programa de Simultaneidade

GRADO EN BIOLOXÍA				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Primeiro curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
200012	Química(*)	6	FB	201951	Química Xeral 2(*)
				201952	Química Xeral 3(*)
200013	Física	6	FB	200013	Física
200014	Matemáticas	6	FB	201944	Matemáticas 1
200015	Xeoloxía(#)	6	FB	Recoñécese unha vez superadas todos as materias do Programa de Simultaneidade do Grao en Bioloxía, a excepción do TFG, e sempre e cando lle resten como máximo 12 créditos do Grao en Química	
200016	Estatística	6	FB	200016	Estatística
200017	Xeografía Física	6	FB	200017	Xeografía Física
200018	Citloxía	6	FB	200018	Citloxía
200019	Histoloxía	6	FB	200019	Histoloxía
200022	Bioquímica I	6	FB	200022	Bioquímica I
202018	Introdución á Botánica: Botánica Xeral	6	OB	202018	Introdución á Botánica: Botánica Xeral

(*) A materia de Química no Grao en Bioloxía pódese recoñecer por calquera das dúas materias indicadas do Grao en Química. (#) Recoñecemento sen cualificación numérica.

GRADO EN BIOLOXÍA				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Segundo curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
200020	Organografía Microscópica	6	OB	200020	Organografía Microscópica
200023	Bioquímica II	6	FB	200023	Bioquímica II
202010	Microbioloxía	6	OB	202010	Microbioloxía
202011	Microbioloxía Aplicada e Control Microbiolóxico	6	OB	202011	Microbioloxía Aplicada e Control Microbiolóxico
202014	Xenética	6	OB	202014	Xenética
202019	Botánica Sistemática: Criptogamia	6	OB	202019	Botánica Sistemática: Criptogamia
202022	Fisioloxía Vexetal I	6	OB	202022	Fisioloxía Vexetal I
202023	Fisioloxía Vexetal II	6	OB	202023	Fisioloxía Vexetal II
202026	Zooloxía I	6	OB	202026	Zooloxía I
202027	Zooloxía II	6	OB	202027	Zooloxía II

GRADO EN BIOLOXÍA				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Terceiro curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
200024	Bioquímica e Bioloxía Molecular	6	OB	200024	Bioquímica e Bioloxía Molecular
202012	Técnicas en Microbioloxía	6	OB	202012	Técnicas en Microbioloxía
202015	Xenética Molecular	6	OB	202015	Xenética Molecular
202016	Xenética de Poboacións e Evolución	6	OB	202016	Xenética de Poboacións e Evolución
202020	Botánica Sistemática: Fanerogamia	6	OB	202020	Botánica Sistemática: Fanerogamia
202024	Fisioloxía Vexetal Aplicada	6	OB	202024	Fisioloxía Vexetal Aplicada
202030	Fisioloxía Animal I	6	OB	202030	Fisioloxía Animal I
202031	Fisioloxía Animal II	6	OB	202031	Fisioloxía Animal II
202034	Ecoloxía I: Individuos e Ecosistemas	6	OB	202034	Ecoloxía I: Individuos e Ecosistemas
202035	Ecoloxía II: Poboacións e Comunidades	6	OB	202035	Ecoloxía II: Poboacións e Comunidades

GRADO EN BIOLOXÍA				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Cuarto curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
202028	Biodiversidade Animal e Medio Ambiente	6	OB	202028	Biodiversidade Animal e Medio Ambiente
202032	Adaptacións Funcionais da Fauna ao Medio	6	OB	202032	Adaptacións Funcionais da Fauna ao Medio
202036	Ecoloxía Humana	6	OB	202036	Ecoloxía Humana
	Materias optativas(*)	36	OP		Materias obrigatorias do Grao en Química(*)

(*) O estudantado que curse o Programa de Simultaneidade poderá recoñecer os 36 créditos optativos do plan de estudos do Grao en Bioloxía coa superación do mesmo número de créditos de materias obrigatorias do Grao en Química. Estas materias non levarán cualificación numérica.

2.8.2. Táboa de recoñecementos das materias do Grao en Química polas cursadas no Programa de Simultaneidade

GRADO EN QUÍMICA				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Primeiro curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
201944	Matemáticas 1	6	FB	201944	Matemáticas 1
201945	Matemáticas 2	6	FB	200016	Estatística
201946	Física 1	6	FB	200013	Física
201947	Física 2 (#)	6	FB	Recoñécese unha vez superadas todos as materias do Programa de Simultaneidade do Grao en Química, a excepción do TFG, e sempre e cando lle resten como máximo 12 créditos do Grao en Bioloxía	
201948	Bioloxía	6	FB	200018	Citloxía
201949	Xeoloxía (#)	6	FB	Recoñécese unha vez superadas todos as materias do Programa de Simultaneidade do Grao en Química, a excepción do TFG, e sempre e cando lle resten como máximo 12 créditos do Grao en Bioloxía	
201950	Química Xeral 1	6	FB	201950	Química Xeral 1
201951	Química Xeral 2	6	FB	201951	Química Xeral 2
201952	Química Xeral 3	6	FB	201952	Química Xeral 3
201953	Laboratorio de Química 1	6	FB	200022	Bioquímica I

(#) Recoñecemento sen cualificación numérica.

GRADO EN QUÍMICA				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Segundo curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
201954	Química Analítica 1	6	OB	201954	Química Analítica 1
201955	Química Analítica 2	6	OB	201955	Química Analítica 2
201959	Química Física 1	6	OB	201959	Química Física 1
201960	Química Física 2	6	OB	201960	Química Física 2
201964	Química Inorgánica 1	6	OB	201964	Química Inorgánica 1
201965	Química Inorgánica 2	6	OB	201965	Química Inorgánica 2
201969	Química Orgánica 1	6	OB	201969	Química Orgánica 1
201970	Química Orgánica 2	6	OB	201970	Química Orgánica 2
201974	Química, Información e Sociedade (#)	6	OB	200017	Xeografía Física
				202015	Xenética Molecular
				202016	Xenética de Poboacións e Evolución
201975	Laboratorio de Química 2	6	OB	201975	Laboratorio de Química 2

(#) Recoñecemento sen cualificación numérica.

GRADO EN QUÍMICA				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Terceiro curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
201956	Química Analítica Instrumental 1	6	OB	201956	Química Analítica Instrumental 1
201957	Química Analítica Instrumental 2	6	OB	201957	Química Analítica Instrumental 2
201961	Química Física 3	6	OB	201961	Química Física 3
201962	Experimentación en Química Física	6	OB	201962	Experimentación en Química Física
201966	Química Inorgánica 3	6	OB	201966	Química Inorgánica 3
201967	Química Inorgánica 4	6	OB	201967	Química Inorgánica 4
201971	Ampliación de Química Orgánica	6	OB	201971	Ampliación de Química Orgánica
201972	Experimentación en Química Orgánica	6	OB	201972	Experimentación en Química Orgánica
201976	Enxeñaría Química	6	OB	201976	Enxeñaría Química
200001	Bioquímica e Química Biolóxica	6	OB	200023	Bioquímica II

GRADO EN QUÍMICA				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Cuarto curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
201958	Química Analítica Avanzada e Quimiometría	6	OB	201958	Química Analítica Avanzada e Quimiometría
201963	Química Física Avanzada	6	OB	201963	Química Física Avanzada
201968	Química Inorgánica Avanzada	6	OB	201968	Química Inorgánica Avanzada
201973	Química Orgánica Avanzada	6	OB	201973	Química Orgánica Avanzada
200002	Ciencia de Materiais	6	OB	200002	Ciencia de Materiais
200003	Deseño. Redacción e Xestión de Proxectos en Química	6	OB	200003	Deseño. Redacción e Xestión de Proxectos en Química
	Materias optativas(*)	9	OP		Materias obrigatorias do Grao en Bioloxía(*)

(*) O estudantado que curse o Programa de Simultaneidade poderá recoñecer os 9 créditos optativos do plan de estudos do Grao en Química coa superación do mesmo número de créditos de materias obrigatorias do Grao en Bioloxía. Estas materias non levarán cualificación numérica.

2.8.3. Táboa de recoñecementos das materias do Programa de Simultaneidade polas cursadas no Grao en Bioloxía

Por motivos de organización e optimización académica, só se contempla o cambio ao Programa de Simultaneidade de estudantado que cursou o primeiro curso do Grao en Bioloxía.

GRADO EN BIOLOXÍA				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Primeiro curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
200012	Química	6	FB	201951	Química Xeral 2
200013	Física	6	FB	200013	Física
200014	Matemáticas	6	FB	201944	Matemáticas 1
200016	Estatística	6	FB	200016	Estatística
200017	Xeografía Física	6	FB	200017	Xeografía Física
200018	Citloxía	6	FB	200018	Citloxía
200019	Histoloxía	6	FB	200019	Histoloxía
200022	Bioquímica I	6	FB	200022	Bioquímica I
202018	Introdución á Botánica: Botánica Xeral	6	OB	202018	Introdución á Botánica: Botánica Xeral

2.8.4. Táboa de recoñecementos das materias do Programa de Simultaneidade polas cursadas no Grao en Química

Por motivos de organización e optimización académica, só se contempla o cambio ao programa de simultaneidade de estudantado que cursou o primeiro curso do Grao en Química.

GRADO EN QUÍMICA				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Primeiro curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
201944	Matemáticas 1	6	FB	201944	Matemáticas 1
201945	Matemáticas 2	6	FB	200016	Estatística
201946	Física 1	6	FB	200013	Física
201948	Bioloxía	6	FB	200018	Citloxía
201950	Química Xeral 1	6	FB	201950	Química Xeral 1
201951	Química Xeral 2	6	FB	201951	Química Xeral 2
201952	Química Xeral 3	6	FB	201952	Química Xeral 3
201953	Laboratorio de Química 1	6	FB	200022	Bioquímica I

2.9. Mecanismos de coordinación docente

O equipo decanal e as persoas coordinadoras do Grao en Bioloxía e do Grao en Química levarán a cabo a coordinación docente do Programa de Simultaneidade.

3. Normativa específica para o Programa de Simultaneidade

3.1. Acceso e admisión de estudantes

1. Só poderán optar ao programa aqueles estudantes que reúnan os requisitos legais de acceso e admisión para ambos graos.
2. A solicitude de admisión para cursar o Programa de Simultaneidade realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola Universidade da Coruña.
3. Aqueles estudantes que estean a cursar o primeiro curso do Grao en Bioloxía ou do Grao en Química e desexaren cursar de forma simultánea as dúas titulacións no curso seguinte, poderán acceder ao Programa de Simultaneidade cos recoñecementos recollidos nas táboas dos apartados 2.8.3 e 2.8.4, de acordo coas normativa vixente da UDC. O número de estudantes que poden acceder por esta vía será do 10% do número de prazas ofertadas de xeito xeral para os estudos de simultaneidade. A Comisión Académica da Facultade de Ciencias resérvase a capacidade de ampliar esta proporción por causas xustificadas.

4. Por motivos de organización e optimización académica, no se contempla o ingreso ao programa de simultaneidade de estudantado que estea a realizar cursos superiores a primeiro en algúns dos graos que constitúen o programa.

3.2. Abandono do programa de simultaneidade

1. As persoas que decidan abandonar o programa de simultaneidade deberán notificalo á administración do centro responsable da xestión administrativa, antes do inicio do período ordinario de matrícula.

2. O estudantado, de ser o caso, poderá, no prazo que corresponder:

a) Optar por calquera das dúas titulacións do programa, sempre que cumpra a normativa vixente da UDC, tendo dereito ao recoñecemento dos créditos superados de acordo coa táboas dos apartados 2.8.1 e 2.8.2.

b) Optar por solicitar praza para iniciar estudos noutra titulación distinta, seguindo as normas e os procedementos de carácter xeral da UDC.

Disposición adicional primeira. Normativa supletoria

Sen prexuízo do establecido nesta normativa, os trámites académico-administrativos relacionados con estes estudos regularanse polo Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e mestrado con itinerario específico. No artigo 13 de dito regulamento indícase que o réxime de progresión e permanencia aplicable ao estudantado do programa será o reflectido na Normativa de progresión e permanencia do estudantado de grao e máster da UDC aprobado polo Consello de Goberno o 28 de Maio de 2025.

Disposición adicional segunda. Oferta e continuidade do programa de simultaneidade

A Universidade da Coruña resérvase o dereito de non ofertar para promocións sucesivas o Programa de Simultaneidade de estudos que regula esta normativa se a demanda deste non se correspondese coa oferta académica anual. Porén, o estudantado de continuación de estudos terá garantida a posibilidade de rematar os seus estudos do Programa de Simultaneidade.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa

Queda derogada a Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Bioloxía e do Grao en Química, aprobada polo Consello de Goberno do 31/05/2022.

Disposición final primeira. Habilitación

Correspóndelle á vicerreitoría con competencias en materia de titulacións a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e será de aplicación a partir do curso académico 2025/26.

O reitor

Ricardo José Cao Abad